

A EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E OS RECURSOS PARA A AULA

Moisés Lozano Paz. Catedrático Filosofía IES de Ames. Membro do SGEP.
Santiago, 13 de xuño de 2008

1. RAZÓNS DA PERSENCIA DESTA MATERIA NO CURRÍCULO ESCOLAR

1ª. É un mandato das principais Institucións e normas constitucionais

- Do Consello de Europa
- Da Unión Europea
- Da UNESCO
- Da ONU...

— É un mandato constitucional [artigo 27.2]:

“A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais”.

Porque existe un distanciamento dos cidadáns, especialmente os máis novos, cara á vida e a participación civil e pública, un desinterese que representa un “déficit democrático” cada vez máis acusado

Porque existen nos centros problemas de convivencia que é necesario solucionar. Esta materia como a EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E OS DEREITOS HUMANOS pode ser de grande axuda

2ª. **A escola ten a obriga de formar ao alumnado como cidadáns**

A escola é un lugar privilexiado de socialización entre iguais, onde ademais de aprender a aprender, o alumnado aprende a convivir como persoa e como cidadá na realidade social que lle toca vivir.

Non trata de substituír o labor de ninguén, nin substituír ás familias. A escola complementa a súa desexada formación en valores.

Hai valores que pertencen ao ámbito do privado, da familia [os relacionados coas crenzas] e outros que corresponden ao ámbito público, ao común, aos valores cívicos que todos podemos compartir

3ª. **A Educación para a Cidadanía trata de fomentar os valores cívicos e comunitarios**

Por iso non invade o terreo da moral persoal nin o campo das crenzas persoais e, moito menos, as conviccións relixiosas de cada quen

Esta materia centra os seus contidos no comunitario, nos valores cívicos que todas as persoas podemos e debemos compartir.

Entre un dos seus obxectivos está o de que o alumnado asimile valores comúns nos que se apoia a boa convivencia e a organización social

4ª. A Educación para a Cidadanía recolle os Dereitos Humanos como o referente dos valores comúns que podemos compartir na nosa sociedade democrática

Os dereitos humanos deben entenderse como compendio e resumo dos principios morais que garanten a dignidade de todas as persoas

Poden ser aceptados por todas as persoas con independencia de ideoloxías concretas

Son valores que recollen o mellor da humanidade, e rexeitan todo o que supón discriminación, inxustiza ou explotación do ser humano polo ser humano

5ª. O obxectivo da Educación para a Cidadanía é formar persoas críticas, activas e responsables

Persoas capaces de argumentar por que pensan ou se comportan dun xeito determinado

Persoas participativas, que sexan capaces de mellorar a sociedade na que lles tocou vivir

Persoas que asumen as súas responsabilidades individuais e colectivas

6ª. A Educación para a Cidadanía promove a coherencia entre os seus contidos e o proxecto educativo (PE) do centro no que estuda o alumnado

A participación, a responsabilidade, os valores apréndense practicándoos, e non dun xeito teórico

Un bo plan de convivencia é a primeira escola de cidadanía

É un conxunto de prácticas e actividades deseñadas para axudar ás persoas, infancia, mocidade e adultez, a participar activamente na vida democrática, aceptando e practicando os seus dereitos e deberes ou responsabilidades na sociedade

7ª. A Educación para a Cidadanía debe buscar o desenvolvemento da competencia social e cidadá [unha das máis centrais da LOE]

Saber convivir e comportarse como bo cidadán en contextos moi diversos, non só na escola

Pondo en práctica coñecementos e habilidades sociais: saber escoitar, saber dialogar, ter empatía, chegar a acordos, solución pacífica de conflitos...

Consolidando valores básicos como o respecto, a tolerancia, a solidariedade, a participación, a liberdade, a cultura de paz

8ª. A Educación para a Cidadanía debe supor unha maior apertura e compromiso do centro co seu contorno

Maior comprensión dos seus problemas e necesidades; mellor aproveitamento dos seus recursos

Maior utilización das súas instalacións; maior incidencia na mellora do barrio ou localidade

É necesario o compromiso da Administración local, a súa implicación como institución educadora

9ª. Todas as persoas da sociedade [pais/ nais, profesorado, axentes sociais...] somos mestres de cidadanía

A cidadanía, os seus valores, están presentes en todas as áreas e materias.

A organización do centro e da aula, a metodoloxía, a relación persoal entre o profesorado e o alumnado, son medios clave para a educación nos valores propios da cidadanía

As vivencias na familia, a relación de autoridade, a repartición de funcións..., son tamén claves para a adquisición dos valores democráticos

10ª. Nos Centros de ensino necesítase unha materia específica de EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E OS DEREITOS HUMANOS para:

Tratar diversos problemas actuais que nos afectan en profundidade, coa metodoloxía axeitada, con contidos específicos e unha forma de avaliación propia

Do mesmo xeito que se fai noutras materias, pero adaptando o ensino ás características propias da Educación para a Cidadanía.

O tratamento transversal da materia non sempre deu os resultados esperados, quedando condicionado moitas veces o seu desenvolvemento á boa vontade do profesorado

2. TEMÁTICA QUE ESTUDA A EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA

Esta materia debe ter un desenvolvemento progresivo, respectando a idade e características do alumnado. Deste xeito en Galicia se establece en 6º de Primaria coa denominación de Educación para a cidadanía e os dereitos humanos. Horario: 2 horas. Profesorado axeitado para impartila: Titores e profesorado de Ciencias Sociais. En 2º da ESO coa mesma denominación que a de 2º da ESO. Horario: 2 horas. Profesorado axeitado para impartila: profesorado de Filosofía e Historia (Ciencias sociais). En 4º da ESO ten a denominación de Ética cívica. Horario. 1 hora. Profesorado axeitado para impartila: Filosofía e Historia (Ciencias sociais). Finalmente en 1º de Bacharelato coa denominación de Filosofía e cidadanía. Horario: 2 horas. Profesorado axeitado para impartila: Filosofía

Contidos da Educación para a cidadanía e os dereitos humanos (6º de Primaria):

Bloque 1. Identidade persoal [autoestima- manexo dos propios sentimentos- liberdade e responsabilidade- rexeitamento de prexuízos sociais]

Bloque 2. Identidade social [vivencia e colectividade –familiar- escolar- grupos de pares- local- autonómica- estatal- internacional; dereitos e deberes- convivencia pacífica e valores universais- actitudes de superación de prexuízos e respecto polas persoas que sofren marxinação]

Bloque 3. Compromiso social [normas de convivencia de aula- práctica de normas cívicas- participación democrática na aula- centro- familia...- o compromiso social duns impostos xustos- consumo responsable- compromiso pola igualdade e respecto home e muller- compromiso por unha educación vial- compromiso pola mellora do medio ambiente- compromiso por un mundo mellor no contexto dunha cultura de paz]

Contidos da Educación para a cidadanía e os dereitos humanos (2º da ESO):

- Bloque 1. Contidos comúns
- Bloque 2. Relacións interpersoais, convivencia e participación
- Bloque 3. Deberes e dereitos cidadáns
- Bloque 4. Democracia e participación
- Bloque 5. Cidadanía en tempos de globalización

Contidos da Ética cívica (4º da ESO)

- Bloque 1. Contidos comúns
- Bloque 2. Identidade e alteridade.
- Bloque 3. Teorías éticas. As esixencias da xustiza e os dereitos humanos
- Bloque 4. Democracia e participación. As institucións democráticas
- Bloque 5. A igualdade entre homes e mulleres
- Bloque 6. Multiculturalismo e interculturalismo
- Bloque 7. Cidadanía global e democracia

Contidos de Filosofía e cidadanía

- Bloque 1. Contidos comúns
- Bloque 2. O ser humano: configuración e dimensións
- Bloque 3. Da filosofía moral á filosofía política
- Bloque 4. Estado, cidadanía e democracia

3. RECURSOS PARA A AULA DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA

Actividades de reflexión [Aquí podemos incluír recursos que buscan estimular a reflexión ao redor dos principais contidos da educación para a cidadanía. Debemos fomentar un pensamento autónomo e responsable no alumnado. Un exemplo de actividade de reflexión pode ser: ¿Teñen dignidade todas as persoas ou só algunhas?]

Esta técnica pode verse aplicada nos libros do Seminario galego de Educación para a paz, publicados co Consorcio Editorial galego, 2008: Educación cívica-4º da ESO e Educación para a cidadanía e os dereitos humanos-2º da ESO

Actividades interactivas: computador [estes recursos podemos elaboralos nós e tamén existen xa elaborados na rede de Internet. Son moi variados. Os que máis abundan son: completar frases, encrucillados, elixir resposta correcta, ordenar frases, sopa de letras...]

Esta técnica pode verse aplicada nos libros do Seminario galego de Educación para a paz, publicados co Consorcio Editorial galego, 2008: Educación cívica-4º da ESO e Educación para a cidadanía e os dereitos humanos-2º da ESO

Aprendizaxe cooperativa [é unha técnica e un recurso de aprendizaxe especialmente indicado para grupos diversos e heteroxéneos como son na actualidade todos. Esta técnica permite traballar moito mellor as habilidades sociais en torno aos contidos dunha materia como a Educación para a cidadanía. Este recurso trata de eliminar o papel pasivo do alumnado. Outros logros son: a cooperación e construción da solidariedade, a distribución das

oportunidades de obter éxito e recoñecemento persoal, a realización compartida de actividades completas e activación da zona de construción do coñecemento, a autoestima....A aprendizaxe cooperativa complementa as outras formas de aprendizaxe, pero non as substitúe . Supón tamén un cambio no papel do profesor na relación que establece co alumnado. O control das actividades deixa de estar centrado nel e pasa a ser compartido por toda a clase].

Audición e reflexión: Películas e documentais [a educación en valores a través do cine é un recurso tamén moi importante. Debido a que contamos só con 50 minutos de clase quizais nesta nova materia sexa máis axeitado empregar documentais que existen en ONGS, como a UNESCO, o Seminario galego de educación para a paz, etc. que recollen de maneira moito máis breve e condensada os principais contidos desta nova materia. Trátase de preparar previamente a película ou documental, buscando información para contextualizala. Do mesmo xeito despois do de que o alumnado vexa a película deben existir actividades de reflexión para a súa mellor explotación didáctica. Un libro moi aconsellable é o de Manolo Dios, Cine para convivir. Seminario galego de educación para a paz. Santiago de Compostela.

Esta técnica pode verse aplicada nos libros do Seminario galego de Educación para a paz, publicados co Consorcio Editorial galego, 2008: Educación cívica-4º da ESO e Educación para a cidadanía e os dereitos humanos-2º da ESO

Barómetro de valores

[Esta dinámica consiste na proxección dunha serie de ítems por parte do profesorado, ante os que, o alumnado debe situarse a favor ou en contra e fundamentar as súas decisións intentando ademais convencer aos compañeiros e compañeiras que elixiron a opción oposta.

Dividimos o espazo central da aula en dúas partes. Se é posible pintamos con xiz unha raia no chan coma se dunha pista de tenis tratácese. Toda a xente agrúpase no centro. Unha persoa lerá unha frase un tanto ambigua, desde o centro, coma se fose a xuíza do partido.

Pedirémolles que se sitúen totalmente á esquerda as persoas que están a favor do contido da frase. As que están en contra colocaranse totalmente á dereita.

Comeza o debate. Se algunha persoa quere suavizar o seu posicionamento extremo dará un paso ao centro expresando as súas razóns. Outras persoas que poidan sentirse convencidas por esta opinión poden tamén modificar a súa posición. Así irán falando dunha nunha ata que toda a xente poida participar.

Aquí van algunhas frases a modo de referencia pero cada persoa que coordina o taller pode achegar as súas.

- A violencia sempre xera máis violencia
- Sempre houbo guerras e non o podemos cambiar
- Educar para a paz é educar para a desobediencia
- A única forma de evitar unha invasión é a violencia
- Onde hai xustiza sempre hai paz

A protesta violenta pode estar xustificada polas situacións de inxustiza na que viven algúns pobos. É mellor non alargar o Barómetro demasiado. Probablemente con dúas ou tres frases será suficiente para ir escoitando opinións]

Pode verse esta dinámica na obra de Calo Iglesias, *Educación pacificando*, Seminario galego de educación para a paz. Santiago.

Caderno de clase [Podemos considerar ao caderno de clase, en cada materia e principalmente na educación para a cidadanía como un recurso do alumnado imprescindible, xunto ao libro de texto, pois permite anotar as reflexións propias e colectivas e sintetizar moitas das ideas e contidos que se tratan na aula. Ten vantaxes no ámbito da estruturación do propio pensamento, nos rexistros escritos, debuxos, reflexos de comportamentos, esforzo... Permite tamén avaliar o traballo do alumnado

Esta técnica pode verse aplicada nos libros do Seminario galego de Educación para a paz, publicados co Consorcio Editorial galego, 2008: Educación cívica-4º da ESO e Educación para a cidadanía e os dereitos humanos-2º da ESO

Catálogos de obras artísticas, culturais... [A través da arte reflíctense moitos dos problemas sobre os que reflexionamos nesta materia de educación para a cidadanía. Por iso é importante presentar un museo e as súas obras como un lugar idóneo para xerar a aprendizaxe, demostrar as vantaxes dun espazo educativo e cultural diferente ao da aprendizaxe na aula, utilizar un obxecto artístico como medio xerador de expoñentes culturais, achegar o contido artístico ao alumnado, e incentivar o seu interese e potenciar a capacidade creativa do alumnado...]

Clarificación de valores [A través do proceso educativo, a persoa debe ir descubrindo cales son os seus valores e ir comprometéndose con eles. A mocidade enfróntase a multitude de problemas todos os días, ante os que deben optar, deben tomar decisións, e nestas decisións entran en xogo os valores como forza directiva da acción.

A tarefa de educar en valores non é só tarefa da escola, tamén a sociedade e a familia deben asumir esta responsabilidade. O labor da educación é importante, xa que debe orientar ao suxeito á procura e interpretación da realidade.

Este recurso, a partir de preguntas e actividades, ensina valores fundamentais de convivencia. Por exemplo: un método é o da **folla de valores**. Este é unha declaración ou exposición que incita a pensar e a discutir, e unha serie de preguntas que se copian nunha folla de papel e se distribúen entre os membros da clase. O obxecto da declaración é provocar unha polémica que o mestre pensa que terá un certo significado, relacionado cos valores dos estudantes. E o obxecto das preguntas é conducir a cada estudante a través do proceso clarificativo de valores, nese tema particular. Como a valoración é individual, cada alumno completa en por si a folla de valores, pero illadamente.

Este método pasa por tres momentos principais:

- a) **Selección dos valores:** feita con liberdade, entre varias alternativas, tras considerar as súas consecuencias.
- b) **Estimación dos valores:** apreciar e gozar a opción feita, estar disposto a afirmala publicamente.
- c) **Actuación segundo eses valores:** actuar de acordo coa nosa elección de valores, e facelo repetidamente na nosa vida.]

Contos

[Se queremos ensinar a pensar ao noso alumnado, antes temos que ensinalles a usar a imaxinación. Inventar contos ten o poder de estimulala. A imaxinación actúa como soporte do pensamento e cumpre tres funcións: revive as experiencias pasadas, proxecta o futuro e potencia a creatividade.

No momento de inventar un conto e de dar cun relato atractivo, non é necesario elaborar unha historia cun sólido argumento; o alumno debe confiar en si mesmo, na súa capacidade de improvisación e nos seus propios recursos para atopar a historia capaz de facer sorrir aos demais compañeiros e compañeiras. fillo.

Contos, relatos e lendas lévannos a mundos irrealis onde a tarefa de educar ao noso alumnado resulta máis fácil. LER un conto é un viaxe ao apaixonante mundo de fantasía. Ademais de enriquecer a linguaxe favorece a empatía, o porse no lugar de outras persoas e a reflexión crítica]. Pode verse esta dinámica na obra de Calo Iglesias, Educar pacificando, Seminario galego de educación para a paz. Santiago.

Debates, asembleas, coloquios [Nas formas multidireccionais de comunicación oral (o debate, a asemblea, o coloquio...), o diálogo céntrase nun tema ou temas determinados de antemán, e con frecuencia é dirixido por un moderador. Son reunións nas que se discute dun tema concreto. No noso caso relacionado cos contidos de Educación para a cidadanía. **O debate** é un diálogo formal, de carácter argumentativo, no que dúas ou máis persoas expoñen o seu parecer sobre un determinado tema. O tema do debate debe ser potencialmente polémico, para que resulte posible a confrontación de opinións. Nos debates cobra gran importancia a argumentación, á que han de acudir os participantes para defender o seu punto de vista, o saber escoitar, pedir para intervir e respectar aos contertulios. O desenvolvemento do debate ofrece, polo xeral, a seguinte estrutura:

- **Introdución.** Nela o moderador presenta aos participantes e expón o tema que se vai a debater.
- **Exposición inicial.** Cada participante enuncia a súa postura achega do tema.
- **Discusión.** É a parte central do debate, na que os interlocutores confrontan e argumentan as súas opinións.
- **Conclusión.** Cada participante sintetiza a súa postura, que pode coincidir coa inicial ou haberse visto modificada.
- **Despedida.** Corre a cargo do moderador, que resume as opinións expresadas e pon fin ao debate.

O coloquio consiste nunha discusión espontánea entre un número indeterminado de participantes. Cada un achega libremente as súas teorías e debate as dos demais. Normalmente a aula permite a forma dun pequeno grupo de discusión, que trata un tema, conducido por un coordinador. A discusión é informal e espontánea, pero non ao azar, xa que o coordinador controla os tempos e quendas para falar. Logo dos quince minutos fórmulanse conclusións por acordo ou consenso, as que son rexistradas por unha persoa que fai de secretario. Estas deben rexistrarse con posterioridade polo alumnado no se u caderno de clase.

Estas técnicas poden verse aplicadas nos libros do Seminario galego de Educación para a paz, publicados co Consorcio Editorial galego, 2008: Educación cívica-4º da ESO e Educación para a cidadanía e os dereitos humanos-2º da ESO

Dilemas morais

[Un dilema moral é unha narración breve na que se expón unha situación problemática que presenta un conflito de valores, xa que o problema moral que expón ten varias solucións posibles que entran en conflito unas con outras. Esta dificultade para elixir unha conduta obriga a un razoamento moral sobre os valores que están en xogo, esixindo unha reflexión sobre o grao de importancia que damos aos nosos valores.

Un exemplo de dilema moral témolo no seguinte caso, bastante frecuente na vida de todo estudante:

“Na clase rompeuse o cristal dunha fiestra, como consecuencia da mala conduta dun alumno. O profesor pregunta quen foi, dicindo que se o culpable non aparece toda a clase terá que pagar a súa reparación, ademais de sufrir outros castigos. Un grupo de alumnos sabe quen é o responsable, pero deciden non dicir nada, porque o alumno causante do problema é amigo deles, e non queren ser acusados de "chivatos" nin "traidores". Ademais, queren evitarse os problemas e molestias que lles causaría a súa confesión.

En consecuencia, toda a clase é castigada. Ves correcta a conduta deses alumnos? Ti que farías nun caso similar?

Entre os obxectivos do traballo con dilemas estarían os seguintes:

- Coñecer a propia escala de valores, establecendo unha xerarquía entre eles.
- Desenvolver a habilidade social da "empatía", que consiste en saber porse no lugar doutra persoa.
- Respetar as opinións e condutas alleas, desenvolvendo a tolerancia ante principios e valores contrarios aos nosos.
- Favorecer o diálogo razoado, o intercambio de opinións sobre distintos puntos de vista.
- Formar o xuízo moral, motivando o desenvolvemento da lóxica discursiva aplicada á ética da conduta.
- Fomentar o cultivo do que vén chamándose "intelixencia emocional", integrando razoamentos, sentimentos e emocións na resolución de conflitos.
- Razoar as condutas e opinións propias, utilizando a razón para estudar a complexidade das condutas humanas]

Para unha maior información sobre casos prácticos de dilemas morais, véxase a seguinte páxina web:

<http://www.iesmurgi.org/filosofia/etica/Dilemas%20Morales.htm>

Esta técnica tamén se pode ver aplicada nos libros do Seminario galego de Educación para a paz, publicados co Consorcio Editorial galego, 2008: Educación cívica-4º da ESO e Educación para a cidadanía e os dereitos humanos-2º da ESO

Dramatizacións [teatro]

[A creatividade contén a realidade vital e vivencial do suxeito. Só é posible acceder a unha actitude ou pensamento creador, facéndoo. O ser humano necesita áreas de confianza para expresarse e poder exercer con liberdade e espontaneidade creadora, e é o interese polo acto creativo o que o leva a realizar a súa propia aprendizaxe. A necesidade creativa da persoa nace da súa propia inconclusión. A educación debe desenvolver esta necesidade de crear e de imaxinar. A tendencia creativa está presente, aínda en mínimo grao, en todos os seres humanos.

O participar en facer obras de teatro ou o ler e representar obras xa escritas contribúe a que a mocidade coñeza textos dramáticos, aqueles que falan ao espectador dos nosos días e afiance a súa autoestima, tolerancia, cooperación e respecto. É importante ter nos centros unha Taller de teatro para que poida servir de pauta ás montaxes e exercicios dramáticos do alumnado no ámbito escolar. Debe existir un especial interese, principalmente, en non esquecer a obra de escritores en lingua galega]

Estudo de casos

[Esta técnica consiste en proporcionar unha serie de casos que representen situacións problemáticas diversas da vida real para que se estuden e analicen. Deste xeito, preténdese adestrar ao alumnado na xeración de solucións. O uso desta técnica está indicado especialmente para diagnosticar e decidir no terreo dos problemas onde as relacións humanas xogan un papel importante. Esta técnica debe considerarse en catro fases

- Analizar un problema.
- Determinar un método de análise.
- Adquirir axilidade en determinar alternativas ou cursos de acción.
- Tomar decisións]

Exposicións orais

[A diferenza do traballo escrito no que o estudante pode terminalo na tranquilidade da súa casa, realizando todas as modificacións necesarias antes de entregalo, a exposición oral execútase diante do profesor e dos compañeiros e compañeiras, sen posibilidade de corrección de erros, polo que ten que estar perfectamente preparada. O estudante debe conseguir captar a atención do público e para iso é fundamental que a exposición sexa o máis amena posible, incorporando algún toque de humor, axudándose de exemplos e anécdotas, etc. Debemos cooidar a entoación, indumentaria, xestos e movementos, transmitir seguridade, medir a duración da exposición, apoiarse en medios audiovisuais, ofrecer ao público a posibilidade de facer preguntas, contestalas de forma precisa. Dúas fases: ao principio o estudante xógase o conseguir captar a atención do público. Ao final do discurso, nas conclusións, debe recalcar as ideas principais que expuxo e os argumentos que as apoian]

Foro: [un grupo numeroso discute informalmente un tema, participando libremente todos os asistentes. Do mesmo xeito que no pequeno grupo de discusión, existe un coordinador]

Itinerarios para realizar un viaxe

Este recurso é interesante, principalmente, se se refire á organización de actividades relacionadas co medio natural, porque permite ao alumnado desta materia:

- Coñecer as normas, medidas e regulamentos para a realización de actividades obxecto de visita
- Planificar diferentes actividades de lecer e tempo libre no medio natural de forma autónoma e creativa
- Planificar viaxes reais ou simulados con distintos itinerarios consultando guías de viaxe, folletos, mapas
- Elaboración de planos e interpretación de mapas sinxelos, utilizando signos convencionais e aplicando nocións básicas de escala]

Lectura comprensiva

[Este recurso debe ser unha práctica habitual, continua e transversal na aprendizaxe dos contidos de todas as áreas. Esa aprendizaxe prodúcese mediante a experiencia directa e a experiencia indirecta. Aprender mediante os textos é un exemplo desta última modalidade. A comprensión é unha condición para a aprendizaxe significativa, xa que logo, a comprensión dos textos é o primeiro paso para que os alumnos entendan, relacionen, asimilen e recorden os conceptos específicos de cada área. A lectura comprensiva é a primeira etapa dun proceso que debe complementarse con campos conexos como a expresión oral, a redacción escrita fluída, a lectura en voz alta con entoación, etc..É conveniente dar unha proxección exterior ás actividades relacionadas coa lectura e a escritura: debates, charlas para outros alumnos, artigos para o xornal escolar, escenificacións, programas de radio, exposicións, murais, etc.]

Libros de texto....

[Os actuais libros de texto presentan, con carácter xeral, un excelente deseño didáctico e, se se empregan como axuda e recurso, poden ser unha ferramenta valiosa para a aprendizaxe do alumnado. Os libros de texto non son libros científicos, senón libros didácticos que adaptan os conceptos científicos ao contexto de ensino- aprendizaxe. Por iso, teñen unha estrutura peculiar: definicións, explicacións das mesmas, resumos, mapas conceptuais, recadros, exemplos, chamadas a relacionar certas situacións que expón con situacións e experiencias da vida cotiá, exercicios, gráficos, fotos e actividades varias que facilitan a lectura e comprensión dos contidos da materia concreta. O profesorado, tendo en conta estes aspectos, elixirá, no seu caso, o libro de texto máis adecuado aos obxectivos da área, á metodoloxía do profesorado e o que máis favoreza a comprensión lectora]. Nós suxestionamos os nosos libros de texto, Seminario galego de Educación para a paz, publicados co Consorcio Editorial galego, 2008: Educación cívica-4º da ESO e Educación para a cidadanía e os dereitos humanos-2º da ESO

Mesa redonda: [tipo de discusión no que un grupo de expertos expón un tema desde distintos puntos de vista. Cada especialista pode ter unha mirada non oposta pero si diverxente coa do outro. Tras a exposición, o coordinador resume as ideas principais expostas e se o desexa invita aos expositores a un coloquio ou foro. Finalmente, a audiencia pode facer preguntas]

Procura e selección información

[As primeiras preguntas que me teño que facer son: “qué desexo buscar?”, “de canto tempo dispoño para buscar?”, “qué extensión ten que ter a información?”, “qué grado de profundidade?” e especificar a procura o máis posible. Debemos ter en conta que as noticias non sempre son fiel reflexo da realidade. Hai un proceso de selección informativo. Existe manipulación da información. O significado das imaxes pode cambiar coa combinación dun texto. Por tanto debemos ser conscientes de que o público lector vive o mundo deformado que se lle ofrece, normalmente marcado polo consumismo. Por iso a solución é: buscar a información en variadas e diversas fontes para sintetizar unha idea crítica propia]

Proxectos de traballo

[Os proxectos de traballo son unha forma de organizar os coñecementos escolares. A función do proxecto é favorecer a creación de estratexias de organización dos coñecementos escolares en relación co tratamento da información. A relación entre os diferentes contidos ao redor de problemas ou hipóteses que faciliten ao alumnado a construción dos seus coñecementos. Un proxecto pode organizarse seguindo un determinado eixo: a definición dun concepto, un problema xeral ou particular, un conxunto de preguntas interrelacionadas, unha temática que mereza a pena ser tratada por si mesma. Para abordar ese eixo na clase procédese pondo énfase na articulación da información necesaria para tratar o problema obxecto de estudo e nos procedementos requiridos polo alumnado para desenvolvelo, ordenalo, comprendelo e asimilalo.

Dentro dun proxecto podemos atopar elementos característicos, como:

- Hai un obxectivo/expectativa de logro miña.
- Hai un problema ou situación a resolver.
- Busco alternativas de acción (actividades).
- Aparecen participantes con distintos roles.
- Avaliación de recursos para executar actividades.
- Avaliación de prazos de concreción.
- Diferente avaliación dos resultados obtidos, tanto do proceso como do produto]

Reflexión sobre textos

[En moitas ocasións non somos capaces de elaborar unha interpretación plausible do texto. Interpretar un texto supón dotalo de sentido, obter unha visión global e coherente que resulte significativa para nós. No proceso de interpretación dun texto hai dous pasos fundamentais:

- Contextualizar o texto, é dicir, situalo na época en que se produciu e na tradición cultural á que pertence
- Descubrir a intención do autor. Detrás de todo texto hai un autor que o compuxo cunha intención determinada: informar, persuadir, entreter... Só se somos capaces de discernir esa intención, poderemos interpretar correctamente o texto.
- Unha vez comprendido e interpretado o texto, debemos manifestar a nosa opinión sobre el, valorando con razóns as ideas expostas e a súa repercusión

Para a educación para a Cidadanía poden empregarse textos periodísticos que versan sobre os principais contidos da materia]

Solución de problemas

[As persoas e especificamente os estudantes poden desenvolver e aprender a habilidade de resolver Problemas a cal é contemplada dentro das habilidades sociais especificamente nas cognitivas – Sociais, as que desenvolven procesos cognoscitivos que se ven reflectidos na conduta interpersonal. Ao alumnado habería que ensinarlle non só a forma de resolver problemas, senón a habilidade de ser capaces para recoñecer os problemas que vale a pena resolver.

Abordar un problema tendo conduce á formulación e á aplicación dun procedemento de 4 etapas:

- Unha clara definición do problema en termos concretos
- Unha investigación das solucións ata o momento intentadas
- Unha clara definición do cambio concreto a realizar: isto a xeito de evitar quedar encerrado en solucións erróneas complicando aínda máis o problema e afastándoo da solución
- A formulación e posta en marcha dun plan para producir devandito cambio: É aquí onde leva o proceso de cambio, xa que se poñen a proba as posibles solucións e a táctica elixida]

Traballo en grupo

[Este recurso é unha actividade que ocasionalmente se presenta tanto no colexio, no Instituto como na universidade. Á complexidade que de por si presenta calquera proxecto, hai que engadir os problemas de relacións persoais que poden xurdir dentro do grupo. Por iso, un punto crave no bo éxito dun traballo en grupo é a boa relación entre os seus membros. En consecuencia deben terse en conta os seguintes aspectos:

- Elixir aos compoñentes do equipo: Non necesariamente teñen que ser os mellores amigos. Deben ser compañeiros traballadores, que se toman as cousas en serio e de fácil trato. Hai que procurar que esta boa relación exista entre todos os compoñentes do grupo.
- Unha vez elixido o grupo o primeiro que hai que facer é celebrar unha reunión preliminar na que a todos os compoñentes lles quede claro cal é traballo que teñen encomendado.
- Fixaranse as regras de funcionamento do equipo: por exemplo, lugar de reunións, frecuencia das mesmas (semanais, quincenais, etc.), nomeamento dun coordinador, etc.
- Determinarase a tarefa encomendada a cada compoñente do grupo. As cargas de traballo individuais deben ser o máis equilibradas posibles, evitando que haxa diferenzas significativas.
- Hai que planificar o tempo dispoñible ata a entrega do traballo. Determinarase os distintos pasos que hai que completar e o tempo dispoñible para cada un deles. Establécese un calendario, se é preciso
- As reunións periódicas que se vaian mantendo permitirán ir comprobando se todos os membros do equipo están traballando na liña fixada e se se están cumprindo os prazos previstos
- Non se pode esperar ata o último momento para coñecer que un dos integrantes do grupo non realizou a súa parte.

- O equipo funcionará ben na medida que todos os seus membros implíquense no proxecto.
- É fundamental que todos participen nas deliberacións, expoñan os seus puntos de vista. Hai que evitar que algún(vos) membro(s) monopolice(n) as reunións, se adxudiquen un protagonismo desmedido, tomen unilateralmente decisións que afectan a todos.
- Se algún membro do equipo se amosase máis retraído hai que tratar de animarlle a participar nas deliberacións.
- Se algún integrante do grupo non cumpre satisfactoriamente co seu labor hai que facerllo saber, requiríndolle un cambio de actitude.
- Se persiste no seu comportamento o resto do grupo terá que comunicarlle que non se pensa admitir esa actuación, dándolle un prazo para rectificar e en caso contrario procederase a súa corrección. Esta pode consistir en recuperar o tempo perdido en horario extraescolar con traballos individuais
- Cada membro do equipo debe colaborar en manter un bo ambiente de traballo, evitando que xurdan conflitos que deterioren o ambiente.
- Hai que ser moi respectuoso cos compañeiros, valorando e respectando as súas opinións aínda que non se compartan. Isto non implica renunciar aos propios puntos de vista, pero si ser flexibles e comprensivos con outras formulacións.
- Hai que ser tolerante cos erros doutros, especialmente con aqueles labores por compañeiros implicados de verdade no proxecto].

Traballos escritos

[Desde o punto de vista formal, os traballos escritos deben gardar as seguintes características:

- Formato: tipo de letra e interlineado
- Marxes
- Número de caracteres
- Partes xerais dun traballo: Todo traballo escrito contará coas páxinas preliminares (portada, índice, introdución), as páxinas do corpo do traballo (enumeradas en diferentes apartados) e as páxinas complementarias (conclusiones e bibliografía e, segundo a necesidade, anexos).]

Xogos cooperativos

[Este recurso consiste en diversas actividades participativas que facilitan o encontro cos outros e o achegamento á natureza. Permiten a expansión da solidariedade e patróns de relación interpersoal que contribúen á cooperación e ao traballo grupal eficaz. Son propostas que buscan diminuír as manifestacións de agresividade nos xogos promovendo actitudes de sensibilización, cooperación, comunicación e solidariedade. Facilitan o encontro cos outros e o achegamento á natureza. Buscan a participación de todos, predominando os obxectivos colectivos sobre as metas individuais. As persoas xogan con outros e non contra os outros; xogan para superar desafíos ou obstáculos e non para superar aos outros. Para máis información, no ámbito da paz, ver a seguinte páxina web: http://www.ctv.es/USERS/avicent/Juegos_paz/index.htm

Xogos de simulación

[Este recurso consiste en xogos, xeralmente de grupo, nos que cada xogador ten un papel concreto, debe tomar decisións, modificar as condicións, etc. Consisten en simular unha situación dada na que os xogadores, a través das regras do xogo, deben descubrir as solucións ou chegar a determinadas conclusións que o propio suxeito determina e dirixe.

Fins didácticos - educativos:

- Vivenciar de forma práctica, aínda que indirecta, un problema determinado mediante un xogo.
- Experimentar os mecanismos persoais e as estruturas dunha situación dada.
- Facilitar unha toma de decisións.

Posibles xogos:

- A dinámica dos cubos (MANS UNIDAS, 1986, páxs. 52-53)
- Refuxiados (MANS UNIDAS, 1986, páxs. 56-58)
- Quen alimenta a quen (MANS UNIDAS, 1986, páxs. 54-55)

Xogos de rol

O xogo de rol ou Role Playing Game consiste, tal como di o seu nome, en desempeñar un determinado rol ou personalidade concreta. Cando unha persoa “fai o rol de X” significa que está realizando un papel que normalmente non é o seu propio. Cando se xoga ao rol, cinco ou seis persoas reúnen ao redor dunha mesa na que hai lapis, cuartillas, dados, e moi probablemente, unha porción de obxectos extra que serven para ambientar mellor o xogo.

Para máis información: en

http://w3.cnice.mec.es/recursos2/estudiantes/ocio/op_03.htm

Páxinas web- Cultura de paz

- **FUNDACIÓN CULTURA DE PAZ:** <http://www.fund-culturadepaz.org/>
- **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ [SGEP]:** <http://www.paz@sgep.org/>
- **UBUNTU:** <http://www.ubuntu.upc.edu/>
- **HAGUE APPEAL FOR PEACE:** <http://www.haguepeace.org/>
- **AIPAZ:** <http://www.ugr.es/~eirene/aipaz.htm>
- **TRASCEND:** <http://www.transcend.org/>
- **UNESCO:** <http://www.unesco.org>
- **ESCUELAS DE PAZ:** <http://www.escuelaculturadepaz.org/>
- **MATERIAIS EDUCATIVOS CULTURA PAZ:** <http://es.geocities.com/educaenvalores/paz/index.html>
- **CÁTEDRA UNESCO CULTURA DE PAZ:** <http://www.pangea.org>
- **PROYECTO AVALON-CULTURA DE PAZ:** <http://www.avalonproject.org/>

Páxinas web- valores e cidadanía

- <http://www.educavalores.org/>
- <http://www.oei.es/valores2/valoresenlaces.htm>
- <http://www.educalia.org/>
- <http://www.ciudadania.profes.net/>
- <http://www.educared.net/>
- http://www.cnice.mec.es/padres/educar_valores/
- <http://www.avalonproject.org/programaeducativo.php>
[recursos audiovisuais]
- <http://anabast.wordpress.com/category/hiritartasunaciudadania/> [recursos audiovisuais]

Documentos importantes relacionados coa educación cidadá

- A Declaración universal dos dereitos humanos [10-XII-1948]
- A Declaración dos dereitos da infancia [20-XI-1959]
- Constitución española [6-XII-1978]
- Estatuto de autonomía de Galicia [6-IV-1981]
- Manifesto 2000 para unha cultura de paz e non violencia [2000]
- Declaración do Decenio da paz e non violencia para toda a infancia do mundo [2001-2010]
- A Carta da Terra [2002]
- A Lei de fomento da educación da cultura de paz [1-XII-2005]
- Dereitos das mulleres: Beijing + 5 e Beijing + 10 [Pekín-1995- N York 2005].
- A Lei Orgánica de Educación [3-V-2006]
- Alianza das civilizacións. Informe do grupo de alto nivel [2006]
- Manifesto a favor da Vida, da Paz, a Igualdade [2006]
- O plan de convivencia galego [2007]
- Plan nacional de Alianza das civilizacións [2007]
- Obxectivos do Milenio [8 obxectivos a conseguir entre [2000 e 2015]